secretaria
21/06/2016, 16:33
REGISTRO Nº:4.288

ASUNTO:ACTA ASAMBELA 11-06-16

FECHA DOCUMENTO: 11/06/2016
NIVEL: 10

ACTA DA ASEMBLEA ORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO CELEBRADA O DÍA 11.06.2016

Nas dependencias do "Hotel Eurostar San Lázaro" de Santiago de Compostela, reúnese a Asemblea Ordinaria da Federación Galega de Baloncesto, o día 11 de xuño de 2016, baixo a presidencia de D.Francisco Martín Micó e actuando como Secretaria a que é da mesma Dª Susana Fernández Fiuza. Asisten os membros que se relacionan ao final da presente. Dá comezo en segunda convocatoria coa orde do día que se indica:

1. Reconto dos membros asistentes

2. Aprobación da acta da sesión anterior.

3. Informe do presidente

4. Modificación dos Regulamentos Xeral e Disciplinario da FGB para a tempada 2016/17, aprobadas por la Comisión Delegada.

5. Aprobación Normas para Competicións Oficias da FGB para a tempada 2016/17, aprobadas polo Comisión Delegada.

6. Contas anuais e liquidación do Orzamento do Exercicio 2015.

7. Orzamento de Exercicio 2016.

8. Ratificación dos Comités de Competición e Apelación.

9. Rogos e Preguntas.

Abre a sesión o Presidente na segunda convocatoria dando por constituída a Asemblea sendo as 16,30 horas. Agradece a todos os presentes a súa presenza e pásase ao primeiro punto da orde do día.

1. Reconto dos membros asistentes:
A Secretaria toma a palabra e dá conta dos asembleístas que están presentes na Asemblea: un total de 27 asembleístas, e informa que segundo os artigos 59 e seguintes queda constituída a Asemblea en segunda convocatoria.

2. Aprobación da acta da sesión anterior:
A Secretaria informa aos asistentes que o acta está aprobada o non haber ninguna impugnación a mesma nos 30 días seguintes a súa remisión, tal e como recolle o Artº 63 dos Estatutos da FGB.

3.Informe do presidente:

O Presidente diríxese aos presentes e indica será breve e logo os diferentes responsables de áreas o farán máis en profundidade.

12 meses atrás iniciamos a temporada 2015/16 co propósito de ir asentando as primeiras pedras na construción dun escenario federativo cada vez mellor, abarcando todas e cada unha das distintas e valiosas áreas de actuación que integran a FGB.

Nesta ambiciosa tarefa partimos do eixo principal da miña política a desenvolver ao longo do mandato para o que fun elixido: a intercomunicación continua entre o equipo xestor desta Federación e o resto de estamentos que a integran e soportan.

Desexo destacar, e á vez agradecer, o traballo realizado ao longo desta tempada polos nosos responsables de relacións cos clubs. O seu tempo dedicado a cada unha das inquietudes amosadas polos clubs, así como a atención individual e colectiva a todos eles, supón un valor engadido para esta FGB.

Son moitas horas que prestaron para facer efectivo este necesario e eficaz marco de relación Clubs-FGB. Grazas e parabéns a todos polo traballo ben feito en pro da mellora do noso baloncesto.

Grazas á efectividade conseguida neste marco de relación, fluíron novas achegas con ideas moi novidosas que, despois de contrastadas amplamente no ámbito da Xunta Directiva e da Comisión Delegada FGB, víronse reflectidas na toma de decisións do equipo xestor desta federación, tratando de facer realidade os desexos da maioría, sempre en beneficio do baloncesto galego en xeral e da BASE do mesmo en particular.

Concretamente é no deporte de base onde se tomaron as decisións máis importantes, incidindo na Área de Competicións, coa inquietude e o interese de facelas, precisamente iso, máis competitivas. Esperemos que así sexa.

Resaltemos agora, sucintamente, os aspectos máis destacables das distintas Áreas que integran a nosa Federación e que, posteriormente, os responsables de cada unha delas detallarán máis amplamente.

Area Deportiva

Na temporada na que celebramos o 30 aniversario da Copa Galicia Sénior Masculina, todo un fito especial para nós; volvemos a ter a sorte de celebrar con garantes todas as nosas competicións oficias, recibindo incluso de novo na casa dous Campionatos de España de clubs e viaxando coas marcas #seleccionsgalegas e #adestradorgalego como sinónimo de auténtica valía.

Area Arbitral

Como non pode ser doutro xeito no apartado arbitral non se detivo o ritmo, coas actividades formativas encabezando o seu motor. Destacar como iniciativa pioneira a posta en marcha da Escola Galega de Árbitros, froito do esforzo dos diferentes integrantes do Comité. De cara ao futuro, tamén novos e ambiciosos obxectivos.

Area Comunicación

Na parcela comunicativa redobramos a nosa aposta por estar no campo social e arriscar con novas propostas como retransmisións deportivas ou actividades audiovisuais. Estamos

dando os nosos primeiros pasos neste campo pero, sen dúbida, e con moitas ganas de mellorar seguiremos ampliando horizontes.

Area Xeral-Administración

E no referente ao día a día, de seguro continuaremos traballando tanto a nivel administrativo como persoal do xeito dinámico e práctico que pretendemos para todas as cuestións: deportivas, económicas e sociais, facendo sempre a cada paso máis serio o nos proxecto.

Reitero que o baloncesto galego debemos construílo entre todos e canto máis fortes sexan os seus PILARES máis grande o faremos."

Para rematar, e consciente da súa importancia no devir de cada temporada, non pode deixar de facer público o meu recoñecemento aos sponsors e institucións que seguen a confiar e investir no Baloncesto Galego e, en concreto, nesta Federación.

Por descontando e con intensidade, agradecer tamén a todos os clubs galegos a súa incansable labor, imprescindible para todos nós.

Antes de rematar quería amosar o meu pésame a familia e amigos de Quino Salvo, falecido fai uns días.

E, como cada ano, deixar de novo aquí o meu total recoñecemento ao persoal da Federación. Entusiasmo e profesionalidade os definen, en especial a Jesús Couto que está pasando unha situación delicada. A todos, gracias.

Informe Area Deportiva

Carlos Colinas toma a palabra e fará un reflexo do que houbo nesta temporada.

As competencias da área deportiva son:

1.- Preocupación da tecnificación dos xogadores/as dende os CETIS (entendendo que o traballo diario depende dos clubs).
2.- As selecciones autonómicas: participación nos campionatos cadete, infantil e Minibasket.
3.- Area adestradores: preparación cursos, formación contínua, profesorados etc.

Tamén informa sobre o seguinte:

- Realización de 56 Cetis zonales de categoría Minibasket, Infantil e cetis de promoción.
- Realización de 18 Cetis de Tecnificación autonómicos de categorías Infantil, Minibasket, e Cadete.
- Realización do All Star categoría Pre-Infantil en Marzo.
- Xornadas de Mellora Ténica de Xogadores/as en Tui. Para nenos/as 2002-2006.
- Preparación das selecciones autonómicas Cadete, Infantil e Minibasket, cun total de 51 xornadas de trabajo e 12 adestradores.
- Interacción ca Area de Salud: recoñecementos médicos a tódolos integrantes das seleccións galegas. Presencia de Fisioterapeutas nos adestramentos.

- Convenio inter-federacións para torneos preparatorios dos Campionatos de España de Selecciones con País Vasco, Castilla-León e Madrid.
- Os resultados das seleccións.
- Cursos de adestradores: 6 de iniciación con 150 alumnos, e os de Nivel I e II cun total de 102 alumnos.
- Formación continua para adestradores: "Aula formativa do adestrador", cun total de 8 charlas técnicas.
- Realización de dúas edicións do Claustro Docente FGB: Celanova e Marín
- Pequebasquet de Carballo.
- Colaboración con entidades e clubs para o apoio das iniciativas de formación de adestradores.
- Talleres específicos de Minibasket para adestradores: Pontevedra e Carballo.
- Xornada de Harmonización
- Xuntanza Minibasket e Preminibasket.
- Jamboree de Minibasket de Clubs.

Informe Comité Arbitros

Miguel Angel Pérez, toma la palabra e fai un pequeno resumo das actividades do comité de Arbitros que os asistentes poden ver na Memoria de Actividades da FGB que se pode ver na Web da Federación. Asímesmo informa dos seguintes puntos:

- Os árbitros galegos que asistiron as Fases Finais dos Campionatos de España .
- Clínics Autonómicos: Setembro e Decembro.
- Xornadas Técnicas Formativas.
- Formación contínua.
- Cursos de Formación On Line: 177 participantes
- ESGAR: co remate da actividade na Fase Final Mini e Premini na Estrada.
- Participación dos árbitros galegos a nivel internacional.
- Campaña de captación de árbitros e oficiais novos.

Informe Sinistralidade Seguro.

Toma a palabra a Secretaria Xeral e informa os asistentes sobre a preocupación pola subida da sinistralidade. Falaremos cos datos da temporada 14-15 que xa está casi totalmente pechada en canto a sinistros.

O 40% do gasto que ten a compañia aseguradora son de sinistros de máis de 3.000€, e se concentran en poucos clubes. En varios casos o número de licenzas/gasto sinistro é alarmante. Tamén estamos vendo a picardía de algúns asegurados/as. En algúns casos hai asegurados/as que pasando dos 40 anos é a primeira vez que xogan a baloncesto e ademais teñen unha lesión nese ano, no volvendo a tramitar a licenza máis.

Pregamos os clubes que vixilen esto, porque se non as compañías de seguros van a seguir subindo a prima.

Con respecto a esta temporada e a data 30/01/16 as categorías que máis sinistralidade teñen son a Junior e a 3ª división.

4. Modificacións dos Regulamentos Xeral e Disciplinario da FGB para a tempada 2016/17, aprobados pola Comisión Delegada.

A Secretaria indica aos asistentes que no seu día, conxuntamente coa convocatoria de esta asemblea, se lles enviaron as emendas propostas polos Clubs.

- Artº 20 presenta a enmenda D. Francisco Martín Micó está asumida pola Comisión Delegada. Procédese a votación:
  Votos a favor: 27 Votos en contra: 0 Abstencións: 0
  Queda aprobada a enmenda

- Artº 149 presenta a enmenda D. Francisco Martín Micó está asumida pola Comisión Delegada. Procédese a votación:
  Votos a favor: 25 Votos en contra: 2 Abstencións: 0
  Queda aprobada a enmenda.

- Artº 165 presentada por D. Lino Vázquez Sánchez, non está asumida pola comisión Delegada. Como non está o enmendante non se procede a súa votación.

- Artº 168/169 presenta a enmenda D. Francisco Martín Micó está asumida pola Comisión Delegada. Procédese a votación:
  Votos a favor: 27 Votos en contra: 0 Abstencións: 0
  Queda aprobada a enmenda.

A Secretaria toma a palabra e con referencia a enmenda o artigo 165 pasa a dar lectura a unha proposta da Area de Sáude da FGB: "*Si bien la enmienda propuesta por el Club Arxil de Pontevedra desde el punto de vista de la salud es muy positiva e interesante, nos gustaría se tuviesen en cuenta los siguientes puntos, si bien queremos que quede bien entendido que son COMPLEMENTARIOS a la propuesta y NO CONTRARIOS:*
Cada club y cada equipo debería fomentar el uso de las botellas individuales entre sus jugadores/as por las siguientes causas:

- *Los niños no saben beber bien de las botellas y por ellos "las maman" dejando en la saliva el fluido corporal que puede trasmitir virus, bacterias e infecciones de cualquier tipo: dentales, bucales, intestinales, sanguíneas…normalmente en forma de afecciones banales, pero en otros casos no. EVITEMOS RIESGOS.*
- *Los niños de las categorías de base están en una edad en que todavía pierden HIERRO por medio de la sudoración, y el peligro de DESHIDRATACIÓN es alto. Con la botella pequeña individual nos aseguramos que los niños beban al menos los 0,5 l que contiene, evitando así la pérdida de electrolitos, sales y agua.*

Por lo cual como cada club debería tener agua para sus jugadores es interesante la propuesta del Arxil de proporcionar agua al equipo contrario, seamos solidarios. Si bien cada jugador debería portar en su mochila su botella individual para beber en cada partido y en caso de ser necesario más, reponerse con las botellas cedidas por el equipo contrario. Ahorrando todos en agua y trabajando todos en la misma dirección para seguir implantando ***medidas higiénicas saludables*** *entre nuestros deportistas*".

5.- Aprobación Normas para Competicións Oficiais da FGB para a tempada 2016 -2017 , aprobadas pola Comisión Delegada.

A secretaria informa que das emendas presentadas

- Artº 1.4 presenta a enmenda D. José Luis Renda Bellet e non está asumida pola Comisión Delegada. Procédese o seu debate e pásase a votación:
  Votos a favor: 1 Votos en contra: 13 Abstencións: 9
  Queda rexeitada a enmenda.

- Artº 2.2 presenta a enmenda D. José Luis Renda Bellet e non está asumida pola Comisión Delegada. Procédese o seu debate e pásase a votación:
  Votos a favor: 1 Votos en contra: 20 Abstencións: 3
  Queda rexeitada a enmenda.

- Art 3.2. presenta a enmenda D. José Luis Renda Bellet e non está aumida pola Comisión Delegada. A reitra o enmendante.

- Art 6.1. presenta a enmenda D. José Luis Renda Bellet e non está aumida pola Comisión Delegada. A reitra o enmendante.

- Artº 6.5. presenta a enmenda D. Lino Vázquez Sánchez, non está asumida pola Comisión Delegada. Como non está o enmendante non se procede nin o debate nin a súa votación.

- Artº 6.6. presenta a enmenda D. Lino Vázquez Sánchez, non está asumida pola Comisión Delegada. Como non está o enmendante non se procede nin o debate nin a súa votación.

- Artº 8;10;12 e 14. presenta a enmenda D. Lino Vázquez Sánchez, non está asumida pola Comisión Delegada. Como non está o enmendante non se procede nin o debate nin a súa votación.

- Artº 22 presenta a enmenda D. Lino Vázquez Sánchez, non está asumida pola Comisión Delegada. Como non está o enmendante non se procede nin o debate nin a súa votación.
- Artº 24 presenta a enmenda D. Miguel García-Feijoo de Soutomaior, non está asumida pola Comisión Delegada. Procédese o seu debate, por parte da Mesa proponse unha enmenda transaccional de forma que retire a enmenda e se añada a competición Pre-Infantil que as prazas dos posibles ascensos que xa teñan praza na 1ª División pasen a Fase previa da temporada seguinte e non ascenda o seguinte clasificado da liga Pre-Infantil. Esta enmenda transaccional é rexeitada polo enmendante polo que pásase a votación:
  Votos a favor: 8 Votos en contra: 9 Abstencións: 8
  Queda rexeitada a enmenda.

- Artº 24.11 presenta a enmenda D. Carlos Vázquez Ferro, non asumida pola Comisión Delegada. Procédese o seu debate e pásase a votació:
  Votos a favor: 17 Votos en contra: 4 Abstencións: 5
  Queda aprobada a enmenda.

7.- Contas anuais e liquidación do orzamento de exercicio 2015

Antes do comezo da exposición e explicación das contas do exercicio 2015 por parte o Tesoureiro indica aos asistentes que as contas do exercicio indicado están Auditadas, e informa que se lle remitiu a tódolos asembleístas o informe do mesmo así como as contas anuais.

Seguidamente o Tesoureiro explica aos asistentes as contas, así como a liquidación de exercicio 2015. Fai un percorrido por todas as partidas que compoñen este capítulo, do que todos os asembleístas teñen coñecemento e que se lles enviou xunto a convocatoria da asemblea.

Non existen emendas ás contas indicadas. Igualmente. Sométese a votación este apartado co seguinte resultado:

Votos a favor: 27.
Votos en contra: 0
Abstencións: 0

Quedan aprobadas as contas do exercicio 2015.

8.- Orzamento de Exercicio 2016.

O Tesoureiro explica aos existentes que o Orzamento do 2016 xa foi aprobado na Asemblea Extraordinaria de decembro do 2015, para dar cumprimento a Lei do Deporte de Galicia.

9.- Ratificación dos Comités de Competición e Apelación .

O Presidente informa aos asistentes que para a tempada 2016/2017 ratifica nos seus cargos aos responsables actuais dos Comités Xurisdicionais da Federación: D. Juan Rey Couselo no Comité de Competición e Dona. Mercedes Salmonte Couso no Comité de Apelación.

Procédese á votación dos nomeamentos dos Comités de Competición e Apelación:
Votos a favor: 27
Votos en contra: 0
Abstencións: 0

9. Rogos e Preguntas.

A secretaria informa do sistema a seguir para este punto de rogos e preguntas no que se fará dos roldas de preguntas.
Tamén informa que a entrada da asemblea se lles entregou un pen no que está a seguinte documentación: Memoria de Actividades, informe de auditoría e contas anuais; orzamento; modificacións o Regulamento Xeral e Disciplinario; enmendas; proxecto de bases de competición 2016-17.

Iníciase a primeira rolda:

José A . Sama informa sobre a visita do Presidente as reunións cos clubes a Lugo e non ve ascuestións que alí se falaron reflexadas nas bases.

Por outra parte ve que están presentes 25 asembleístas dos 56 e cree que non está representado os clubs galegos, e nos derradeiros catro anos cada vez hai menos xente. E

pensa que é onde se reflexa o que pensan os adestradores que están no día a día dos equipos.

O Presidente contéstalle que nas reunións se toma nota en todas as delegacións, pero o que se fai é recopilar toda a información de todas as delegacións poñela enriba da mesa e confeccionar as bases de competición.

Jorge López Mosquera, quere que se aclare os ascensos da Pre-Infantil, no caso de equipos que xa teñan praza na 1ª división Infantil.
Por parte da Secretaria Xeral aclárase este punto.

Juan C. Maceiras quere que quede constancia que os que non veñen as asembleas e foron elixidos para eles, son os culpables da pouca asistencia, non os presentes.

Patexase un debate acerca da 1ª División Minibasket e en definitiva sobre as 1ª división, no que interveñen diversos asembleístas.

David Castañón, agradece a presentación que fixo a Secretaria coa presentación e as incidencias do Seguro e do que nos costa, e que é importante o fraude que se da e que non debemos permitilo.

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a Asemblea Xeral Ordinaria da Federación Galega de Baloncesto sendo ás 19.40 hrs. do día da data, da que eu como Secretaria dou fe.

Relación de Asistentes

A.D. Cortegada (Ricardo López Rodríguez)
E.D.M. Estradense (José L. Renda Bellet)
C.B. Setentas (Alberte Zato y Gómez de Liaño)
C.B. Defensores do Morrazo (José Luis Pérez Pérez)
C.D. Bosco (Carlos Vázquez Ferro)
C.B. Condado (Gonzalo Seijo Rodríguez)
Obradoiro CAB (Miguel A. Fernández Rodríguez)
C.B. Acea da má Fundación (David Castañón Gadea)
C.B. Artai (Jorge López Mosquera)
C.B. Allariz (Aniceto Fernández Fernández)
C.B. Blanco Amor (Jorge Varela Varela)
C.B. Estudiantes Lugo (Jesús Lázare Rincón)
C.B. Cluny (José M. Castelao Figueiras)
C.B. San Pelayo (Jesusa Archa Pichel)
C. Xuventude Bto. (Jorge Castiñeiras Arenaz)
C.B. Basquet Coruña (Miguel Garcia Feijoo de Soutomaior)
Porriño Bto. Base (Araceli Lorenzo Alonso)
Francisco Martín Micó (Presidente)
Alejandro Alcalde Varela (Arbitros)
Juan Bosco Casal (Arbitros)
David Guillán Riveiro (Arbitros)
Jorge Blanco Fernández (Arbitros)
Juan C. Ares Méndez (Xogador)
José A. Vázquez Vázquez (Xogador)

Carlos Colinas Morán (Adestradores)
Juan Carlos Maceiras Durán (Adestradores)
José A. Sama Díez (Adestradores)